

A FACULTADE DE MEDICINA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ACOLLE UNHA MESA INFORMATIVA SOBRE DOAZÓN DE MEDULA ÓSEA

Profesionais da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue estarán o martes 24 de marzo na Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela atendendo unha mesa informativa sobre a doazón de medula ósea. Estudantes e docentes poderán achegarse para coñecer e resolver dúbidas sobre a doazón de medula ósea para o que a Axencia é centro de referencia para a tipaxe destes doantes.

Esta iniciativa forma parte dun amplo programa formativo que a ADOS desenvolve nesta segunda fase da campaña de doazón en centros educativos de toda Galicia.